

Parella de poesía

Verónica Martínez e Antonio Fernández pescudan no seu amor en *Cara un solpor de gatos*

Título: Cara un solpor de gatos.

Autor: Verónica Martínez Delgado e Antonio Fernández Seoane.

Edita: TresCires.

Verónica Martínez Delgado e Antonio Fernández Seoane son os coautores desta marabillosa obra titulada *Cara un solpor de gatos*, que vén de acadar a III edición do Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón organizado pola Asociación Cultural de Negreira. Verónica Martínez xa publicou, como poeta, *Desterrada do meu corpo* (2001) e *Deshabitada e sen verdugo* (2002). Pola contra, Antonio

Fernández comeza con esta obra unha aventura existencial, e bota a andar, marcando a voga dura e lenta dun horizonte sen determinar. Unha angustia procesional percorre as páxinas deste libro en silencio, con puras e inocentes palabras aboianando sen cesar nas beirarrúas da vida, desfilando día a día cara a un punto final, e aquel “si quero” inicial, ocúltase nun horizonte sen mar... *impávido / roto / morto e tan triste*.

Non debe ser nada doado para dúas persoas analizar a súa relación a través das páxinas dun libro, vertendo os senti-

mentos mais íntimos nunha órbita poética que terá como colofón esta peza que constantemente vai *rememorar* aquel tempo de *cando eramos · gatos / gatos famentos e libres, / gatos de substancia espiritual...*

Estou absolutamente desorientado, onde está o marabillosa mundo que

Por angustiosa que sexa a vida dos poetas, polo menos posúen algo superior ao resto dos humanos, poden voar.

nunca nos deixaron fabricar. Os meus soños arelados teñen versos tan reais como os que escorregan penitentes por esta fértil e virxinal aventura. Poder mergullarme neles supuxo para min identificarme con algo superior como por arte de maxia. Adentrarme nunha luz pineal escondida. Por angustiosa que sexa a vida dos poetas, polo menos posúen algo superior ao resto dos humanos, poden voar.

A casa, o neno perdido e os gatos son os tres eixos fundamentais arredor dos que Martínez e Fernández debullan o deterioro da súa relación amorosa.

Dun xeito consecutivo e por medio de cuñas perfectamente intercaladas, van abrindo as portas máis íntimas, guiando os nosos pasos por *labirintos concéntricos*, que desembocan unha e outra vez nun *océano / de areas movedizas* onde eles diariamente naufragan silentes, cos corazóns cargados de tristura, camiñando... *espídos pola estrada / cara un solpor de gatos*.

Para finalizar direi que este fermoso volume espertou novamente en min unha sensibilidade que eu cría adormecida. ♦

RAFAEL FERNÁNDEZ

Nº 1.227
Do 15 ao 21 de xuño do 2006
Ano XXIX

AN
VOSA
TERRA
25